

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2017, CON CARÁCTER SUPLETORIO DA CORRESPONDENTE AO DÍA 31 DE AGOSTO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte de setembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Faise constar que dona Rocío Vila Díaz, do PP, incorporouse ás 20:10 horas, durante o debate e antes da votación do punto 2.1. da orde do día.

Non asiste don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^o do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 20 de setembro de 2017, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201709201757290000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2017 e á sesión extraordinaria e urxente do día 16 de febreiro de 2017

Acceso á videoacta: Minuto 00:04:46

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2017 e á sesión extraordinaria e urxente do día 16 de febreiro de 2017.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2017 [os cinco concelleiros presentes do PP: don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe; os cinco concelleiros de UxC; os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE: dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]
- dezaioito concelleiros na sesión extraordinaria e urxente do día 16 de febreiro de 2017 [os cinco concelleiros presentes do PP: don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe; os catro concelleiros de UxC que se relacionan: don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso; os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE: dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Cambre do exercicio 2016

Acceso á videoacta: Minuto 00:05:08

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas o día 27 de xullo de 2017.

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de setembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Cumprimentado o trámite legal de exposición ao público da Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2016, previsto no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (*Boletín Oficial da Provincia* núm. 147 do día 4 de agosto de 2017), que finalizou o pasado 29 de agosto de 2017, e non téndose presentado alegacións durante o dito prazo e os oito días seguintes, procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión especial de Contas, a seguinte proposta de acordo:

Aprobar a Conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2016, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do Concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Aprobación, se procede, da desafectación dos saldos de investimentos executados e obras a non executar para afectalos á Casa da Cultura e locais sociais de Sigrás e Meixigo

Acceso á videoacta: Minuto 00:14:19

Vista a proposta de Alcaldía do día 8 de setembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a proposta da área de Urbanismo, na que solicita dotar crédito a unhas obras consideradas como prioritarias tal e como se describía na memoria da Alcaldía se inicia expediente de desafectación por parte desta Alcaldía.

Visto que polo interventor municipal se subliña a necesidade de elevar a acordo plenario a desafectación dos préstamos vinculado as obras xa executadas ou que non van a ser executadas:

Cód.proxecto	Proxectos con saldos a non executar	Importe Saldos	Código de Préstamo.
2009/2/511/0	Renovación firme Cela-Canal e S. Bartolomé-Armental	2.616,58 €	BBVA nº 00046089360
2005/2/422/0	Pavillón polideportivo en CEIP Graxal	4.933,80 €	BBVA nº 00046089360
2015/2/342/0	Piscina A Barcala	4.054,79 €	B.SABADELL 807551281654
16/2/151/2	Aparcadoiros en zona escolar de Sigrás	12.562,00 €	B.SABADELL 807551281654
16/2/332/1	Reforma Local para biblioteca.	178.265,40 €	BBVA 410830000027
16/2/241/1	Caldeira de biomasa en centro municipal de formación	2.268,09 €	B.SABADELL 807551281654
	Total	204.700,66 €	

Esta concellería, presenta ao Pleno da Corporación a seguinte **proposta de acordo**:

Primeiro: Efectuar a desafectación de 204.700,66 euros dos anteditos préstamos para dedicalos ás seguintes obras: **“Casa da Cultura” por importe de 144.700,66, “Local social de Sigrás” por importe de 30.000 euros e “Local de Meixigo” por importe de 30.000 euros.**

Segundo: Tal e como se indica na proposta de Intervención, liberar recursos propios na primeira anualidade de “Casa da cultura” polo importe afectado 144.700,66 euros, sen cambiar nin as anualidades nin o importe delas a expensas da súa adxudicación.

Terceiro: De adoptar o acordo, darase traslado del ás entidades financeiras coas que se concertou as operacións de crédito para o seu xeral coñecemento.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 14 de setembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). E abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito núm. 1/2017

Acceso á videoacta: Minuto 00:25:17

Vista a proposta de Alcaldía do día 6 de setembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“A liquidación do Orzamento do exercicio 2016, aprobada por resolución da Alcaldía número 484/2017 de 27 de marzo de 2017, reflicte, entre outros, os seguintes datos:

- resultado orzamentario axustado do exercicio, 1.053.584,96 euros
- remanente de tesourería para gastos xerais, 2.697.489,20
- capacidade de financiamento, 1.675.522,52 euros
- saldo da conta 413 Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto: 398.431,13 euros.

A Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, creou unha disposición adicional sexta na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira, recolle que as Corporacións locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e presupostaria que resulta da aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior, e, no caso de que, atendidas as anteditas obrigas, o importe antes sinalado se mantivese con signo positivo, se deberá destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no dito exercicio 2014.

Esta medida, inicialmente de aplicación ao superávit do exercicio 2014, foi prorrogada no seu día, ao superávit do 2015, e por Lei 3/2017, do 27 de xuño, de presupostos xerais do Estado ao do ano 2016, a través da súa disposición adicional nonaxésima sexta se prorroga ao ano 2017 a aplicación das regras contidas na antedita disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril.

Así mesmo, o artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, recolle que no suposto de que a liquidación presupostaria se sitúe en superávit, este se destinará, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fora inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda. A estes efectos enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas.

É por isto, que procede aplicar o remanente de tesourería para gastos xerais ao financiamento deste expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario por un importe total de 938.002,16 euros cos seguintes obxectos:

- para o financiamento das obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto», por importe total de 398.431,13 euros nas seguintes aplicacións:

Pro.	Eco.	Descrición	Importe OPAS
151	61900	Outros investimentos reposici. infraestrut. Urbanismo	2.588,19
1532	61900	Outros investimentos reposic. infraestrut. Pavimentac. vías	21.131,60
160	21000	Mantemento infraestruturas saneamento	6.077,63
160	22100	Energía eléctrica Saneamento	51.465,08
165	22100	Energía eléctrica alumeadado público	125.710,40

Pro.	Eco.	Descrición	Importe OPAS
171	21000	Mantemento infraestruturas parques e xardíns	145,20
171	22799	Servizo mantemento xardíns	1.070,85
231	21200	Mantemento edificios Atención social primaria	27,01
231	22610	Programa educación familiar	1.500,00
231	22700	Limpeza atención social primaria	157,30
231	48000	Axudas emerxencia social	68,00
312	21200	Mantemento edificios centros de saúde	82,68
323	21200	Mantemento edificios ensinanza infantil e primaria	18.403,88
323	22100	Energía eléctrica ensinanza infantil e primaria	44.565,52
326	22300	Transportes educación	1.081,53
326	22608	Outras activ. culturais e deportivas educación	5.155,05
326	22709	Actividades extraescolares	673,70
3321	21200	Mantemento edificios bibliotecas	35,19
3321	22001	Prensa, revistas, e outras, bibliotecas	1.054,98
3321	22700	Limpeza bibliotecas	119,75
334	22300	Transportes promoción cultural	146,30
334	22609	Actividades culturais	1.353,44
337	22610	Programas Xuventude	276,06
341	22601	Atencións protocolarias Deportes promoc. e fomento	400,00
341	22799	Servizos actividades deportivas	7.161,83
342	21200	Mantemento instalacións deportivas	4.095,70
342	22100	Energía eléctrica instalacións deportivas	13.418,80
342	22799	Servicio mantemento piscinas municipais	317,38
433	22699	Outros gastos diversos promoc. activ. económica	752,02
454	20300	Aluguer maquinaria camiños veciñais	491,70
454	20400	Aluguer elementos transporte camiños veciñais	1.452,00
920	20200	Arrendamentos de edificios Administración Xeral	17.975,69
920	21200	Mantemento edificios Admin. Xeral	14.152,98
920	21300	Mantemento maquinaria Admin. Xeral	303,00
920	21400	Mantemento vehículos Admin. Xeral	257,32
920	21600	Mantemento equipos procesos información Admin. Xeral	54,45
920	22000	Ordinario non inventariable Admin. Xeral	2.636,30
920	22001	Prensa, revistas e libros Admin. Xeral	27,77
920	22002	Material informático non inventariable Admin. Xeral	21,78
920	22100	Energía eléctrica Admin. Xeral	37.842,50
920	22102	Subministro de gas Admin. Xeral	1.610,36
920	22103	Combustibles e carburantes Admin. Xeral	3.246,97
920	22400	Primas de seguros Admin. Xeral	890,36
920	22699	Outros gastos diversos Admin. Xeral	58,74
920	22700	Limpeza Admin. Xeral	788,92
920	62600	Equipos informáticos Administrac. Xeral	252,89
924	22699	Outros gastos diversos Participación cidadá	651,76
		Total suplemento de crédito	391.750,56
1531	21300	Reparación maquinaria camiños	175,33
1532	21400	Mantemento vehículos pavimentación vías	705,13
312	22102	Gas centro de saúde	62,04
324	21200	Reparación centros docentes ensinanza secundaria	719,95

Pro.	Eco.	Descrición	Importe OPAS
338	22699	Outros gastos diversos festas	276,62
342	62300	Maquinaria instalacións deportivas	556,60
433	22602	Publicidade e propaganda desenvolvemento empresarial	732,05
920	22701	Servizo de alarmas dependencias municipais	873,95
924	22601	Atencións protocolarias Participación cidadá	2.578,90
		Total suplemento de crédito	6.680,57
		Total modificación conta 413	398.431,13

- para a amortización de endebedamento, por importe de 539.571,03 euros, o suplemento de crédito na aplicación "011/91300 Amortización de préstamos longo prazo de entes de fora de Sector Público", que se adicaría á amortización dos seguintes préstamos:

Entidade	Denominación	Nº de préstamo	Importe
ABANCA	Préstamo para investimentos 2002	0048-3.909-8	21382,16
ABANCA	Préstamo para investimentos 2003	0048-3933-8	17.351,00
ABANCA	Préstamo para investimentos 2004	0048-4127-2	108.106,27
ABANCA	Préstamo para investimentos 2005	0048-4248-6	137.191,16
BANCO PASTOR	Préstamo suplemento de crédito 2009	430000166	32.000,00
BBVA	Préstamo para investimentos 2009-II	9546089360	223.540,44
	Total		539.571,03

Por todo isto propono ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito número 1/2017 por importe de 938.002,16 euros, financiado con remanente de tesourería co seguinte detalle:

Pro.	Eco.	Descrición	Créditos totais consignados	Suplemento de crédito	Crédito extraordinario	Crédito definitivo
151	61900	Outras invers. reposici. infraestrut. Urbanismo	315.523,44	2.588,19		318.111,63
1532	61900	Outras invers. reposic. infraestrut. Pavimentac. vías	540.446,89	21.131,60		561.578,49
160	21000	Mantem. Infraestruturas saneamento	25.000,00	6.077,63		31.077,63
160	22100	Enerxía eléctrica Saneamento	55.000,00	51.465,08		106.465,08
165	22100	Enerxía eléctrica alumeadado público	350.000,00	125.710,40		475.710,40
171	21000	Mantem. Infraestruturas parques e xardíns	10.000,00	145,20		10.145,20
171	22799	Servizo mantemento xardíns	401.058,32	1.070,85		402.129,17
231	21200	Mantem. Edificios Atención social primaria	5.000,00	27,01		5.027,01
231	22610	Programa educación familiar	35.000,00	1.500,00		36.500,00
231	22700	Limpeza atención social primaria	12.900,00	157,30		13.057,30
231	48000	Axudas emerxencia social	160.000,00	68,00		160.068,00
312	21200	Mantem. Edificios centros de saude	5.000,00	82,68		5.082,68
323	21200	Mantem. Edificios ensinanza infantil e primaria	105.450,00	18.403,88		123.853,88
323	22100	Enerxía eléctrica ensinanza infantil e primaria	32.000,00	44.565,52		76.565,52
326	22300	Transportes educación	15.000,00	1.081,53		16.081,53
326	22608	Outras activ. culturais e deportivas educación	121.500,00	5.155,05		126.655,05
326	22709	Actividades extraescolares	9.600,00	673,70		10.273,70

Pro.	Eco.	Descrición	Créditos totais consignados	Suplemento de crédito	Crédito extraordinario	Crédito definitivo
3321	21200	Mantem. Edificios bibliotecas	3.000,00	35,19		3.035,19
3321	22001	Prensa, revistas, e outras, bibliotecas	5.630,00	1.054,98		6.684,98
3321	22700	Limpeza bibliotecas	26.500,00	119,75		26.619,75
334	22300	Transportes promoción cultural	3.500,00	146,30		3.646,30
334	22609	Actividades culturais	190.000,00	1.353,44		191.353,44
337	22610	Programas Xuventude	180.000,00	276,06		180.276,06
341	22601	Atencións protocolarias Deportes promoc. e fomento	1.000,00	400,00		1.400,00
341	22799	Servizos actividades deportivas	84.712,00	7.161,83		91.873,83
342	21200	Mantem. instalacións deportivas	22.478,12	4.095,70		26.573,82
342	22100	Enerxía eléctrica instalacións deportivas	20.000,00	13.418,80		33.418,80
342	22799	Servizo mantemento piscinas municipais	30.000,00	317,38		30.317,38
433	22699	Outros gastos diversos promoc. activ. económica	145.000,00	752,02		145.752,02
454	20300	Aluguer maquinaria camiños vecinais	30.000,00	491,70		30.491,70
454	20400	Aluguer elem. transporte camiños vecinais	5.000,00	1.452,00		6.452,00
920	20200	Aluguer de edificios Administración Xeral	33.000,00	17.975,69		50.975,69
920	21200	Mantem. Edificios Admin. General	30.000,00	14.152,98		44.152,98
920	21300	Mantem. Maquinaria Admin. General	25.000,00	303,00		25.303,00
920	21400	Mantem. vehículos Admin. General	6.000,00	257,32		6.257,32
920	21600	Mantem. Equipos procesos información Admin. General	25.000,00	54,45		25.054,45
920	22000	Ordinario non inventariable Admin. Xeral	20.000,00	2.636,30		22.636,30
920	22001	Prensa, revistas e libros Admin. Xeral	9.000,00	27,77		9.027,77
920	22002	Material informático non inventariable Admin. Xeral	12.000,00	21,78		12.021,78
920	22100	Enerxía eléctrica Admin. Xeral	76.000,00	37.842,50		113.842,50
920	22102	Subministro de gas Admin. Xeral	10.000,00	1.610,36		11.610,36
920	22103	Combustibles y carburantes Admin. Xeral	30.000,00	3.246,97		33.246,97
920	22400	Primas de seguros Admin. Xeral	60.000,00	890,36		60.890,36
920	22699	Outros gastos diversos Admin. Xeral	4.185,27	58,74		4.244,01
920	22700	Limpeza Admin. Xeral	41.000,00	788,92		41.788,92
920	62600	Equipos informáticos Administrac. Xeral	41.282,66	252,89		41.535,55
924	22699	Outros gastos diversos Participación cidadá	15.000,00	651,76		15.651,76
011	91300	Amortización de préstamos a longo prazo entes fóra S.P.	520.734,86	539.571,03		1.060.305,89
		Total suplemento de crédito	3.903.501,56	931.321,59		4.834.823,15
1531	21300	Reparación maquinaria camiños	0,00		175,33	175,33
1532	21400	Mantemento vehículos pavimentación vías	0,00		705,13	705,13
312	22102	Gas centro de saúde	0,00		62,04	62,04
324	21200	Reparación centros docentes ensinanza secundaria	0,00		719,95	719,95
338	22699	Outros gastos diversos festas	0,00		276,62	276,62
342	62300	Maquinaria instalacións deportivas	0,00		556,60	556,60
433	22602	Publicidade e propaganda desenvolvemento empresarial	0,00		732,05	732,05
920	22701	Servizo de alarmas dependencias municipais	0,00		873,95	873,95
924	22601	Atencións protocolarias Participación cidadá	0,00		2.578,90	2.578,90
		Total crédito extraordinario			6.680,57	

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 14 de setembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Aprobación, se procede, da desafectación de aproveitamentos urbanísticos e a súa afectación a expropiacións

Acceso á videoacta: Minuto 00:33:21

Vista a proposta de Alcaldía do día 8 de setembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a proposta da área de Urbanismo, na que solicita dotar crédito a partida de expropiacións se incoa expediente de desafectación de aproveitamentos urbanísticos por parte de esta Alcaldía.

Visto o informe da área de urbanismo onde se indica a procedencia de dedicar estes aproveitamentos a pago de xustiprezos de expropiacións.

Visto que polo interventor municipal se subliña a necesidade de elevar a acordo plenario a desafectación dos saldos vinculado as obras xa executadas ou que non van a ser executadas:

Proxectos con saldos a non executar	Importe Saldos
Terreos para infraestruturas	664,43 €
Acondicionamento de fontes e lavatorios municipais	10.179,33 €
Sendas peonís “Meson Vasco” N-550	9.470,72 €
Sendas peonís Catro Camiños- Apeadoiro	100.000,00 €
Eliminación CT en Curros Enríquez	37.194,11 €
Terreos novo centro de saúde	12.450,20 €
Total	169.958,79 €

Esta Alcaldía, presenta ao Pleno da Corporación a seguinte **proposta de acordo**:

Único: Efectuar a desafectación de 169.958,79 € dos saldos de crédito antes mencionados para dedicalos ao pago de expropiacións.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 14 de setembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta: Minuto 00:49:30

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta: Minuto 00:49:35

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta: Minuto 00:49:45

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG respecto do Pazo de Meirás. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do BNG respecto do Pazo de Meirás

Acceso á videoacta: Minuto 00:50:17

Foi rexistrada de entrada ao núm. 3/1612, o día 4 de setembro de 2017.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas ao Pazo de Meirás constitúe unha provocación, unha ofensa e falta de respecto tanto ás vítimas da Ditadura como a Galiza no seu conxunto, e un escandaloso exemplo da impunidade con que se move quen fai apoloxía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leva o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos supoñen a constatación –por se non estaba suficientemente claro- da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergonza que supón que a familia Franco sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a converta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisíbel que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Esta situación escandalosa e indignante é posíbel pola complicidade e a permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galiza, que consenten, amparan e protexen a Illa de impunidade e o parque temático franquista en que se converteu o Pazo de Meirás.

Por outra parte, cómpre ter en conta que o espolio de Meirás contou coa participación activa e decisiva de Deputacións e Concellos galegos. Polo tanto, estas administracións teñen a responsabilidade e o deber de sumarse ás iniciativas que procuran poñer fin a esta situación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Declarar a Fundación Franco non grata no Concello de Cambre.

Segundo: Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada instando tamén á Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.

Terceiro: Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado á modificación da Lei de Fundacións co obxecto de impedir a legalidade de fundacións que fagan apoloxía do franquismo.

Cuarto: Adherirse e apoiar a iniciativa da “Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás”, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria.

Quinto: Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona

Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG respecto do expediente de cambio de subministración enerxética de Gas Natural Fenosa na Barcala. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do Goberno local para paralizar a tramitación na Xunta de Galicia do expediente de proceso de cambio de subministración enerxética impulsada pola entidade Gas Natural Fenosa na urbanización da Barcala

Acceso á videoacta: Minuto 01:09:30

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira de UxC, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“A empresa enerxética Gas Natural Galicia está a iniciar os trámites para transformar a gas cidade as instalacións de propano que a compañía ten en varios municipios de Galicia, incluído no Concello de Cambre. Actualmente, as vivendas da Barcala manteñen un servizo enerxético derivado dos tanques de gas propano que se enchen periodicamente pola entidade Gas Natural Unión Fenosa. Tamén é certo, que na actualidade, unha pequena parte da urbanización xa é abastecida por gas cidade.

Segundo as propias informacións públicas que deu a empresa nos medios de comunicación, a entidade está a levar un proceso de transformación das instalacións e aparellos de propano a gas natural, que din “será rápida, segura e gratuíta para o cliente”.

O pasado 11 de setembro o DOG publicou “ANUNCIO do 6 de setembro de 2017, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se ordena a publicación da resolución do expediente IN627B 2017/6-1, de transmisión e cambio de titularidade, de cambio de combustible e de modificación de autorización anual conxunta de canalizacións de gas e de peche e desmantelamento de instalación de almacenamento de GLP na urbanización A Barcala, no Concello de Cambre”

Neste anuncio a Consellería autoriza a cambiar de titularidade os depósitos de GLP propiedade de Repsol Butano S.A. a favor de Gas Galicia SDG SA, así como ao cambio de combustible solicitado por Gas Galicia consistente en substituír gas propano, como actual gas de subministro, por gas natural distribuído por canalización; o peche e desmantelamento do centro de almacenamento de GLP e das instalacións auxiliares anexas e, por último, autoriza administrativamente as instalacións recollidas no proxecto de cambio de gas e integración da rede da urbanización A Barcala na rede de gas natural existente no termo municipal de Cambre.

O Goberno local de Cambre, tras manter reunións cunha plataforma de afectados da Barcala, e con representantes da propia empresa, entende que deben ser os veciños e veciñas da Barcala os que libremente elixan o tipo de subministración enerxética para os seus fogares. Non é de recibo que esta empresa, única que presta este servizo, obrigue aos clientes de toda unha urbanización a acatar unha decisión puramente comercial.

O Concello de Cambre opoñeráse por todos os medios a autorización da Xunta de Galicia a este cambio por entender que a decisión atenta gravemente contra a liberdade dos clientes, xa que os veciños e veciñas da Barcala estarían nunha situación de indefensión causada por unha decisión dunha empresa que exerce un monopolio no sector e que estaría a abusar deste privilexio para impoñer o seu modelo de negocio. Lembramos que os usuarios e usuarias non teñen capacidade para contratar este servizo con outra empresa, polo que o abuso de poder quebrantaría a propia lexislación vixente.

O Goberno local entende que existe unha total desinformación entre os usuarios da empresa e é lóxica a súa preocupación polo que a entidade enerxética debería explicar pormenorizadamente as vantaxes ou desvantaxes do cambio e desde logo deixar que os veciños e veciñas sexan os que elixan o tipo de subministración con total liberdade.

Por todo o exposto anteriormente o Goberno local de Cambre insta a tomar os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Esixir a paralización inmediata da autorización da Xunta de Galicia publicada no DOG nº 172 do 11 de setembro do ano en curso, mencionada anteriormente, co obxectivo de evitar este proceso de cambio de subministración enerxética na Barcala.

Segundo: O Concello de Cambre interpoñerá un recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015.

Terceiro: Solicitar á Xunta de Galicia e especialmente a Consellería de Economía, Emprego e Industria que revise este proceso para garantir que non se está incumprindo a lexislación vixente e a empresa non está a abusar dunha posición de poder, exercendo a forza que lle outorga o monopolio do sector.

Cuarto: Garantir a coexistencia das dúas subministración para que sexan os veciños e veciñas os que elixan o tipo de gas que prefiran.

Quinto: Dar traslado dos acordos á empresa enerxética e á Xunta de Galicia para que respondan no menor tempo posible ás demandas acordadas neste pleno da Corporación."

Faise constar que, a petición do grupo municipal do PP, e co acordo de todos os concelleiros presentes, esta moción preséntase para a súa aprobación como declaración institucional do Concello de Cambre.

Así mesmo, faise constar que antes da votación, o señor alcalde concédelle unha intervención a dona Sonia Patricio Espiñeira, en representación da Plataforma de veciños da Barcala afectados polo desmantelamento da planta de gas propano, por parte da empresa Gas Galicia, isto en resposta á petición presentada pola plataforma, mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/7588 o 1 de setembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don

Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou, con carácter de declaración institucional a moción presentada polo Goberno municipal, tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta: Minuto 01:46:35

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/7002, o día 2 de agosto de 2017, procedente do Concello de Carral, ao que se achega o certificado do acordo adoptado polo Pleno dese concello, en sesión extraordinaria do 20 de xuño de 2017, co fin de solicitar á Xunta de Galicia o inicio dos trámites para a constitución da Área metropolitana da Coruña.

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1443/2017, do 2 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Durante a ausencia de don Brais Cubeiro Fernández, desde o día 5 ao día 9 de agosto de 2017, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial serán exercidas por don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro que ostenta a delegación xenérica da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1841/2016, do 18 de novembro.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, don Brais Cubeiro Fernández continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1496/2017, do 8 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Ramón Boga Moscoso dende o día 8 ao 21 de agosto de 2017 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1497/2017, do 8 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dende o día 9 ao 21 de agosto de 2017 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1543/2017, do 22 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Juan González Leirós dende o día 23 ao 28 de agosto de 2017 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Acceso á videoacta: Minuto 01:48:30

Rogos do PP presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 15 de setembro de 2017, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/912 o día 18 de setembro de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo – *Acceso á videoacta:* Minuto 01:48:41

Lee o rogo dona M^ª Jesús González Roel.

Ao longo da presente lexislatura e a solicitude dos nosos veciños, o Grupo Municipal Popular puxo varias veces en coñecemento do equipo de goberno o deplorable estado de limpeza no que se atopan diferentes puntos do noso concello, como as rúas, fontes, lavadoiros públicos, parques e xardíns, entre outros. Limpeza que, a pesar do compromiso que adquire o goberno municipal de Cambre cada vez que o grupo municipal trae o asunto a pleno, segue sendo sistematicamente desoído e unha das súas materias pendentes, fronte ao interese xeral de todos os veciños en melloralas.

Todo iso tendo en conta que, ademais de desatender as demandas e inquiredanzas que os nosos veciños nos transmiten para que quen ten a responsabilidade, isto é, o Goberno municipal, as asuman e corrixan; que a propia Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local atribúe aos municipios como o noso competencias como as de protección da salubridade pública, recollida de residuos, limpeza viaria ou tratamento de residuos.

Lonxe de cumprir coas ditas obrigas legais e desatendendo unha vez máis as queixas dos nosos veciños, o certo e verdade é que as deficiencias de limpeza son evidentes en todo o noso municipio, como demostran as fotografías que se achegan ao presente rogo, localizadas esta vez na parroquia de Anceis, o polígono do Espírito Santo ou o propio centro de Cambre, ao lado mesmo da casa do concello.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite do equipo de goberno que, á maior brevidade posible adopte as medidas adecuadas para resolver os problemas de limpeza advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo, pero amosa a súa desconformidade coa súa redacción.

2º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 01:53:30

Lee o rogo don Juan M^a Abalo Castex.

Nunha recente visita realizada por membros do Grupo Municipal Popular aos centros da terceira idade existentes no noso municipio, os seus usuarios puxéronnos de manifesto as carencias que sofren neles. Carencias que, resaltan os nosos veciños, xa teñen sido postas de manifesto en varias ocasións a concelleiros do equipo de goberno municipal, e que foron contestadas ou ben coa indiferenza ou ben coa negativa a resolvelas ou incluso coa derivación de que sexan eles os que a resolan.

Entre elas, destacamos no presente rogo, as postas de manifesto polos usuarios do centro da terceira idade de Cambre, que nos refiren que o secamáns do cuarto de baño masculino non funciona dende hai tempo, e no feminino, varios azulexos están a punto de caer ao chan, as billas perden auga que cae ao chan, ou os produtos de limpeza atópanse amoreados nel e á vista de todos; todo iso co risco que iso xera para os nosos maiores. Así mesmo nos refiren que o quentador de auga, que parece ser aínda se atopa en garantía, perde auga pola súa parte inferior. Acompáñanse fotografías das deficiencias advertidas.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se requira ao equipo de goberno municipal que, atendendo aos requirimentos dos nosos veciños procedan, á maior brevidade posible, a resolver os problemas advertidos e reiterados.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira delegada dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, acepta o rogo.

3º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 01:57:08

Lee o rogo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

A figura das contribucións especiais como tributo local regúlase na lexislación española e europea como un tributo de carácter especial e potestativo, polo que é o Goberno municipal o encargado de propoñer a imposición a cada paso concreto para a posterior aprobación polo Pleno da Corporación municipal do correspondente acordo de imposición e ordenación delas. Para a súa imposición, e dado o seu carácter potestativo ou discrecional, a normativa e a xurisprudencia esixen o cumprimento dunha serie de requisitos inescusables que garantan a protección do suxeito ou suxeitos sobre os que recaen, evitando a vulneración dos principios tributarios de carácter xeral, así como a posible arbitrariedade das entidades locais á hora de impoñer, xustificar e ponderar o tributo. Requisitos e obrigas que o Goberno municipal ten obviado absolutamente coa adopción do acordo de imposición e ordenación de contribucións especiais a tres vivendas da rúa Sixto, acordo aprobado cos votos favorables do grupo de goberno e contra o criterio e advertencias de todos os grupos da oposición e que está provocando unha avalancha de críticas e perplexidade en numerosos sectores veciñais e de opinión. Situación agravada pola inaceptable actitude do alcalde de Cambre, Óscar García Patiño, ao faltar directamente ao respecto a un veciño de Cambre a a “todos os que o apoiamos” a través das redes sociais, circunstancia lamentable e que non cremos que deba ser propia dun dirixente minimamente prudente e respectuoso co pobo cambrés, do que ademais é alcalde.

Ante o malestar e a avalancha de indignación que esta medida nunca aplicada en Cambre xerou nos veciños, ante a preocupación e desamparo provocado aos suxeitos concretamente afectados e ante os numerosos escritos e alegacións presentados por particulares e polos partidos da oposición en frontal desacordo coa medida, dende o Grupo Municipal Popular, rogamos ao equipo de goberno o urxente tratamento das queixas, escritos e alegacións presentadas, co fin de que os veciños de Cambre e os suxeitos afectados poidan ter coñecemento canto antes de se estas imposicións seguirán sendo ou non o criterio xeral do Goberno e no seu caso, e dada a indefensión provocada nunha primeira aplicación a particulares, con que garantías contarán os habitantes de Cambre ante este tipo de decisións unilaterais do seu Goberno.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta o rogo, única e exclusivamente no que se refire a que deben axilizar a tramitación.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 15 de setembro de 2017, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/911 o día 18 de setembro de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno. Con data 18 de setembro rexistrouse ao núm. 900/919 unha corrección da redacción do primeiro rogo.

1º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 02:22:13

Lee o rogo dona M^a Olga Santos López.

As contribucións especiais son tributos que teñen como feito impositivo a obtención polo obrigado tributario dun beneficio ou incremento de valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras ou servizos públicos.

Dito isto, é importante ter en conta dúas características desta figura tributaria:

- 1.- Que se trata dun tributo potestativo, polo que a Administración, neste caso, o Concello de Cambre, ten a posibilidade de esixilo ou non esixilo.
- 2.- Que o artigo 31 da LRHL, establece que a base impositiva das contribucións especiais está constituída como máximo por un 90% do custo que o concello soporte pola realización das obras, e como mínimo por un 10% do dito custo.

Como consecuencia destas dúas características, o grupo da ACdC, no pleno do mes de xuño, no que se presentou a proposta de aprobación desta figura, expuxemos ao equipo de goberno que non estaban sendo suficientemente democráticos nin transparentes á hora de aplicar esta figura baseándonos nas seguintes argumentacións.

- 1.- Se é unha figura potestativa, non consideramos que estivera debidamente xustificada o feito de cargar a uns veciños un importe por unhas obras que a outros veciños non se lles cargou por obras similares. Consideramos que se non se xustificaba máis debidamente, podería carecer máis unha medida coercitiva ou de castigo a algún deses veciños que unha figura de necesaria aplicación. Outros veciños experimentaron incremento nos seus inmobles e non tiveron que afrontar o pago dunha contribución especial.
- 2.- Se o máximo fixado pola lei é un 90% do custo da obra, e o mínimo o 10%, tampouco este Goberno xustificou debidamente a adopción do importe máximo, non presentou ningún informe que avaliara a

dita decisión, nin xustificou de palabra no pleno, ante a nosa pregunta, canto se incrementaría o valor dos inmobles beneficiados polas obras para decidir que tiñan que pagar a cota máxima. Decidiron unilateralmente cobrar un 90% do custo das obras sen xustificar nin cuantificar o beneficio que terán os veciños afectados. Aplican a cota máxima, para facer pagar unha media de 4000 euros a cada veciño, cantidade nada desdeñable para calquera particular.

Ante esta situación e sen dar máis explicacións, este Goberno, sen reunirse cos veciños afectados nin presentar os informes pertinentes, nin dar as explicacións oportunas, decidiu coa súa maioría absoluta, facer uso do seu poder e aprobar a figura tributaria máis inxustificada da historia de Cambre. Os socios de goberno antigos e novos, tampouco fixeron ademán de cuestionar unha decisión absolutamente autoritaria e inxustificada, ante a nosa petición de deixar o asunto enriba da mesa, non para suspendelo, senón para aprobalo con garantías, e co coñecemento e diálogo cos veciños afectados.

Neste punto temos que facer mención ao recollido no artigo 53.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que na súa letra e) di literalmente que os interesados teremos dereito:

“e) A formular alegacións, utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e a presentar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.”

No artigo 13. *Dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas*, letra e) di literalmente que os cidadáns terán dereito:

“e) A ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e empregados públicos, que deberán facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.”

Facemos mención a estes dous artigos porque o alcalde de Cambre non respectou ningún destes dous dereitos recoñecidos legalmente.

Isto é gravísimo se temos en conta que o dito incumprimento faino a máxima autoridade do Concello de Cambre.

O Sr. Óscar García Patiño, o venres 7 de xullo, ás 11:46, momento do día en que está exercendo a súa función pública de alcalde de Cambre, publica un twett no que literalmente di:

«Un “pillo” no paga lo que le corresponde e intenta que se lo paguen los demás, lo raro es que grupos políticos y vecinos lo defiendan.»

Nesta frase concéntrase a vulneración dos dous dereitos recollidos nos artigos anteriormente mencionados, ademais de faltarlle ao respecto a veciños en xeral e aos grupos políticos da oposición, por defender o que cremos xusto. O alcalde de Cambre cuestiona o dereito á liberdade de expresión que é un dereito humano recollido no artigo 19 da Declaración universal dos dereitos humanos de 1948, e tamén vulnera o artigo 18 do mesmo texto, no que se recolle a liberdade de pensamento.

Coa frase publicada por este alcalde queda de manifesto que todos os que non pensemos igual que el estamos condenados a ser pillos ou defender a pillos. Para o alcalde de Cambre non existe o dereito a estar en desacordo, a manifestar desconformidade ou a defender unha postura contraria ou diferente á súa, xa que decide cualificar despectivamente a quen así o faga.

Cómpre lembrar, ademais, que non é asunto menor, que incumpren o seu propio programa unha vez máis, cando falan de que UxC garantirá unha administración de confianza:

“Unha administración receptiva que pida a túa opinión no que é necesario, incentivadora da innovación e o desenvolvemento. Modernizar a organización, a xestión e o marco normativo acorde cos tempos.”

Polo que entendemos que consideran innecesario pedir a opinión dos afectados por esta contribución especial, nin respectar a de veciños contrarios nin a de grupos da oposición que solicitamos que se revise unha carga económica gravosa para uns determinados veciños. Esta frase é moi bonita e politicamente moi desexable para incluír nun programa, pero quedalles realmente grande para o que vostedes son.

En moitos países de Europa dimítese por moito menos, pero como sabemos onde estamos e quen nos goberna, dende ACdC pretendemos que todos os que nos sentimos afectados por tan grave falta de respecto do noso alcalde, teñamos a dose de xustiza que, como mínimo, entendemos que nos merecemos.

Neste rogo nos queremos que nos dea explicacións, se esta é a súa intención, debido ao tempo transcorrido e á ausencia de pronunciamento por parte do alcalde. Unicamente requirimos que atenda á nosa petición.

Pregamos: Pida desculpas publicamente a todos os veciños de Cambre en xeral, aos grupos políticos, un a un, que manifestamos a nosa desconformidade coa figura das contribucións especiais para a rúa Sixto, e ao veciño ao que chamou pillo tanto de viva voz neste pleno, como a través dun tweet rectificativo no mesmo perfil no que escribiu o que anteriormente indicamos. Esta petición a facemos baseándonos na vulneración dos artigos expostos no texto do rogo, con especial atención aos artigos 13 e) da Lei 39/2015, no que se lle esixe ás autoridades que traten con respecto aos cidadáns.

O señor alcalde rexeita o rogo.

2º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 02:47:46

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

En relación aos vindeiros orzamentos, novamente o Concello de Cambre volve pedir a colaboración dos veciños e veciñas. Isto que, a priori, parécenos unha iniciativa plausible, vese ensombrecida pola falta de rendición de contas que debería acompañar a dita iniciativa.

Sabemos que os veciños presentaron o ano 2016 aproximadamente 700 propostas, pero aínda que o pedimos en reiteradas ocasións, non tivemos acceso a saber que propostas son as que se fixeron chegar ao concello, cales as mais demandadas, cales se aceptaron, cales non...

A participación orzamentaria non é un invento deste concello, puxéronse en marcha por primeira vez en Porto Alegre (Brasil). A partir desta primeira iniciativa en moitas cidades foise aplicando a experiencia dos orzamentos participativos, en moitas delas fracasou, e noutras gozan de boa saúde.

A definición de orzamentos participativos sinala o seguinte:

Os orzamentos participativos son un espazo no proceso de toma de decisións públicas, aberto aos cidadáns, que lles permite informar aos decisores sobre as súas necesidades prioritarias e acordar unha orde de importancia para a súa satisfacción. Búscase, polo tanto o establecemento dun procedemento que permita participar á cidadanía opinando sobre a aplicación dos fondos públicos e controlando as rendicións de contas referentes á súa utilización, ás que están comprometidos os responsables nos períodos inmediatos posteriores á xestión do período orzamentario.

A última parte da definición é a que non cumpren, de xeito que non podemos falar da verdadeira participación orzamentaria, porque o Goberno de Cambre, recibe propostas, colles as que considera, desestima as que quere e non dá explicacións nin dunhas nin das outras. Iso non é participación orzamentaria, iso é sondaxe orzamentaria para beneficio político propio.

Pregamos: De cara aos vindeiros orzamentos, e tamén respecto dos anteriores, sexa publicado na páxina web do concello a relación de propostas recibidas, as aceptadas e as rexeitadas, para que o concepto de transparencia e participación adquiera o seu verdadeiro sentido e deixe de ser un canle de recepción de propostas sen que, posteriormente se dea conta da xestión con elas realizadas.

O señor alcalde acepta o rogo.

Rogo de C's presentado por escrito

Presentado a través do Rexistro Electrónico Común o día 15 de setembro de 2017, e rexistrado de entrada no concello ao núm. 900/910 o día 18 de setembro de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Único – Acceso á videoacta: Minuto 02:55:01

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Dende Ciudadanos consideramos o traballo dos servizos de seguridade e emerxencia de Cambre brillante.

Non obstante, determinados erros en directrices políticas poden ferir a imaxe do concello ao respecto. Consideramos necesario a revisión das ditas directrices entre a Alcaldía e a Concellería de Seguridade e por iso rogamos:

Unha revisión do canle de comunicación político cando se celebren eventos que requiran a presenza dos ditos servizos, así como unha maior discreción ante calquera fallo político, debéndose tratar estes internamente, e non en eventos públicos danando a imaxe do concello.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, non acepta o rogo.

O señor alcalde manifesta que preguntará o que pasou.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta: Minuto 03:00:15

Preguntas do PP presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 15 de setembro de 2017, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/912 o día 18 de setembro de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 03:00:25

Lee a pregunta don Manuel Mª Mora Pita de Veiga.

Atendendo á importancia que, historicamente, xogaron as feiras e mercados, no desenvolvemento social e comercial dos nosos municipios, o artigo 25.2º i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe aos municipios competencias propias en materia de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

Sobre esta normativa básica e o resto de normas sectoriais sobre a materia, a Corporación municipal de Cambre, presidida polo alcalde popular Manuel Rivas, aprobou a Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre, publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña o 19 de xullo de 2012. Con esta ordenanza regulábase por vez primeira no noso municipio as feiras e a venda ambulante a celebrar tanto en Cambre como no Temple e A Barcala.

Sobre esta base normativa, o pasado venres 8 de setembro, tras varios anuncios de apertura, suspensións, atrasos e problemas varios, celebrouse, precedida novamente de gran despregue mediático, a primeira feira do Temple. Á vista do inquietante resultado da súa primeira edición e as queixas transmitidas a este grupo municipal por veciños, comerciantes e feirantes, que refiren, entre outros, problemas de aparcamento, escasa afluencia de público ou limpeza, dende o Grupo Municipal Popular requírese da concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico, informe sobre o resultado da primeira edición da feira do Temple comparado co grao de cumprimento das expectativas xeradas polo propio Goberno municipal.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

2ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 03:04:05

Lee a pregunta don Manuel Rivas Caridad.

O próximo día 1 de outubro celebrarase no pavillón deportivo dos Campóns, en Sigrás, a xa tradicional “Xuntanza do maior”. Con tal motivo, o alcalde en funcións e a concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Igualdade, Voluntariado e Educación, asinaron e enviaron aos nosos maiores, o pasado 26 de xullo, unha carta informativa sobre tal evento na que, entre outros extremos, resaltábase que este ano habería cambios no proceso de inscrición; entre os que destacaban a obriga de achegar un certificado bancario co número de conta ou unha copia da cartilla de aforros onde constase o dito número completo, para os efectos do cobro do prezo público correspondente.

Apenas uns días despois, a concelleira delegada de Terceira Idade, volve asinar e enviar aos nosos maiores unha nova carta na que se anulaba o procedemento remitido anteriormente, que segundo se indicaba nesta segunda carta, pasaba a ser “como en anos anteriores”: pago en efectivo no momento da anotación nas dependencias de servizos sociais do noso concello. O que non se indicaba nesta segunda misiva, é que, tal e como nos refiren numerosas queixas veciñais, os ditos pagos non foron

recibidos por funcionarios públicos do noso concello; razón pola cal, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunta á concelleira competente en materia de terceira idade, a identificación do persoal non funcionario que con respecto ao dito evento recibía os pagos directamente dos nosos veciños nas dependencias dos servizos sociais do noso concello e do funcionario público que asumiu a responsabilidade dos cobros efectuados por persoal non funcionario.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Igualdade, Voluntariado e Educación contesta a pregunta.

3ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 03:09:24

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

Entre os días 18 e 20 do pasado mes de agosto, tivo lugar en Cambre unha nova edición do xa tradicional festival “Rock in Cambre”. Ante a máis que evidente desfeita na asistencia de público na edición deste ano e as queixas transmitidas a este grupo municipal, por veciños, asistentes e fundamentalmente empresarios de hostalería e comerciantes, que viron frustradas as expectativas de negocio vinculadas á celebración do dito evento, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade sobre o grao de cumprimento das expectativas xeradas e as realmente cumpridas na edición do festival “Rock in Cambre” deste ano.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta a pregunta.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 15 de setembro de 2017, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/911 o día 18 de setembro de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 03:10:22

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Poden informarnos do motivo de non ter rematado as obras de cuberta dalgúns nichos no cemiterio municipal de Cambre?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

2ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 03:11:15

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Que valoración fai o Goberno da celebración e resultado da feira no Temple, tendo en conta as numerosas queixas existentes respecto das prazas de aparcamento e á imposibilidade de acceso a determinadas entradas de garaxes?

O concelleiro que dá lectura á pregunta recoñece que xa foi contestada.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 03:11:42

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Despois duns campamentos de verán con algún que outro problema na contratación, e que ao final saíron algo precipitados, preguntámonos:

Que resultados e opinións recolleron a modo de avaliación que permita unha maior efectividade para o ano vindeiro?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 15 de setembro de 2017, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/910 o día 18 de setembro de 2017, xunto co rogo presentado para este pleno.

1ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 03:12:43

Lee a pregunta dona Mª José García Hidalgo.

O pasado día 8 celebrouse a primeira feira no Temple, similar á que se celebra no campo da feira de Cambre. Desde Ciudadanos parécenos unha grande iniciativa, pois sempre outorgaremos o noso apoio a todo aquilo que favoreza o comercio, o crecemento e a actividade económica en Cambre. Como é normal, a primeira vez é cando nos damos conta de detalles que teñen que ser emendados. Segundo puidemos comprobar, un deses fallos estivo no sistema de carga e descarga cando ao finalizar a feira os expositores iniciaron as recollidas dos seus postos e mercancías. As furgonetas entraban unhas detrás doutras, impedindo as últimas a saída das primeiras e tendo estas que agardar a que terminasen de recoller as últimas para poder saír. Por todo iso Ciudadanos pregunta:

Tense planificado algunha solución a este problema cara a futuras celebracións?

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

2ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 03:14:09

O señor alcalde solicita á voceira do GM (C's) a retirada da pregunta, tendo en conta a materia á que se fai referencia, e comprométese a contestarlle en privado.

Dona Mª José García Hidalgo acepta retirar a pregunta.

3ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 03:14:51

Lee a pregunta dona Mª José García Hidalgo.

Temos observado que no novo deseño da web municipal, o escudo de Cambre xa non comparte portada co logotipo oficial como ata agora, a solicitude dun rogo presentado por Ciudadanos. Si é certo

que se entramos na pestana “o noso alcalde” pois aí está, ao lado do alcalde. Na portada dáse o espazo suficiente para poder colocalo de novo. Por iso preguntamos:

É temporal? O novo deseño non prevé recuperalo na portada?

O señor alcalde contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia